

Monteagudo Romero, Xosé Henrique (2013): “A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso”, en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos: *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 421-452.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

## A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso

HENRIQUE MONTEAGUDO

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

O trobador Johan Soayrez *Somesso*<sup>1</sup> comparece con este nome en B, que lle atribúe vinte e cinco cantigas copiadas na súa sección inicial (B 104-128), todas elas do xénero de amor, excepto a primeira (B 104), de xénero escarniño, e por tanto anomalamente situada na dita sección. Dezasete desas composicións (B 107-123) están recollidas sen atribución de autoría en A (A 14-30). Dona Carolina Michaëlis<sup>2</sup> conxectura que Johan Soayrez Somesso «debe ter florescido em dias de Affonso II (r. 1211-1223) e talvez anteriormente, no longo reinado de Sancho I, alcançando ainda o de Sancho Capello», e conclúe: «imagino floresceria de 1210 a 1230» (Vasconcellos 1904: II, 305). Estéase para tanto por unha banda na crítica interna, especialmente a información fornecida pola cantiga de escarnio B 104, en que se menciona a don Martin Gil [de Soverosa], dona Orraca Abril [de Lumiares] e un personaxe alcumado *Chora* (Johan Martinz de Riba de Vizella, primeiro esposo desta), e pola outra banda na literatura liñaxística, en particular a referencia que ofrece o *Livro do Dean* (LD) dun «João Soares que foi bom trova-

---

henriquemonteagudo@gmail.com. Xa entregado este traballo para a súa publicación, chega ás miñas mans a obra do colega José António Souto Cabo *Os cavaleiros que fizeram as cantigas* (Niterói/RJ, 2012), que nas pp. 140-63 trata de J. Soarez Somesso, partindo practicamente da mesma documentación que se empregou como base para o presente artigo (véxase na obra citada as pp. 299-306). Non nos é posible ter en conta aquí o devandito traballo nin discutir os puntos en que discorda do noso.

- 
- 1 O seu nome aparece en B como *Iohã soayrez ssomesso* e en C como *Joan Soayrez Ssomesso*, nos dous casos coa forma arcaica do patronímico *Soayrez*. Aínda que non discutimos a conveniencia de normalizar as denominacións dos autores dos cancioneros, parécenos máis rigoroso aterse ás formas rexistradas nos testemuños coetáneos.
  - 2 Véxase Vasconcellos (1904: II, 293-307, especialmente 298-303); tamén é relevante Vasconcellos (2004: 113-16).

dor» (LD 166), fillo de don Soeyro Ayras de Valadares e «huma infante de Galiza». Por parte, segundo esta estudosa, a nai de Johan Soayrez Somesso non sería unha infanta galega, como afirma o *Livro do Dean*, mais dona Mor Perez de Bravães, hipótese esta que alicerza na interpretación que desenvolve do «capítulo muito importante, mas summamente confuso e deturpado» do dito *Livro* que se refire aos Valadares (*Ibidem*: 304-5 e 422, nota 2).

O groso das conclusións de Dona Carolina é asumido por António Resende de Oliveira (Oliveira 1994: 372-73), quen ademais se apoia en dous rexistros do trobador en documentos coetáneos: unha doazón que el mesmo ofrece ao mosteiro de Fiães en 1223 (*Johanes Suerii Submessi*) e a subscrición dun instrumento do priorado de Vilar de Donas datado en 1230 (*I. Sumessu*)<sup>3</sup>. Este estudoso non se pronuncia sobre a identidade da súa nai, e, doutra parte, canto á datación da súa cantiga de escarnio, que dona Carolina situara entre 1228 e 1231 (Vasconcellos 1904: II, 303), considéraa posterior a 1230 e probablemente a 1232 (Oliveira 1994: 372). Oliveira conclúe que «João Soares teria nascido na segunda metade do século XII, sem que possamos precisar com segurança uma data aproximada, vivendo até perto dos meados do século XIII» e «terá desenvolvido a sua actividade ainda na primeira metade do século XIII» (*ibidem*).

Finalmente, Xabier Ron Fernández (2005) explora máis en profundidade a documentación do mosteiro de Fiães que entre tanto viñera a lume, onde rexistra outras mencións de *Johanes Suerii* (1216, 1223, 1239, 1246) ou *Johane Suarit* (1233), e engade un interesante testemuño máis, datado en 1242, polo cal don Johan Soarez dito *Sumenso* renuncia en mans de don Lucas bispo de Tui o padroado que lle correspondía sobre as igrexas de Santa Cristina de Valeixe e Santa Uxía de Setados, en troca do prestimonio vitalicio que o bispo lle concedeu sobre os casais de Pazo e Sucarreira en Setados, coa condición de que á súa morte volvesen á igrexa de Tui<sup>4</sup>. A parroquia de Santa Cristina de Valeixe localízase no actual concello da Cañiza, a de Santa Uxía de Setados no concello das Neves; nesta última aínda hoxe existen os lugares do Pazo e Sucarreira citados no documento<sup>5</sup>. Doutra banda, Ron pon en dúbida a identificación do noso trobador co

3 Véxase *Fiães* nº 232 e *Vilar de Donas* nº 11. Remitimos ás fontes documentais abreviando o nome e co número de documento. Na nosa bibliografía final ofrecemos en epígrafe propio o desenvolvemento destas abreviacións e, no seu caso, a edición que consultamos.

4 Catedral de Tui, 13 / 22, de 25 de marzo de 1242. Véxase Flórez (1767: vol. 22, p. 127) e Galindo Romeo (1923: 78), que é o citado por Ron. Transcribimos o documento en apéndice (nº 1), a partir de reprodución dixital amablemente facilitada polo arquiteiro da catedral, señor Avelino Bouzón, a quen agradecemos a súa xentileza.

5 Véxase [http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares\\_das\\_Neves](http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares_das_Neves).

*I. Submesso* que subscribe o documento de Vilar de Donas de 1230, chamando a atención sobre a existencia dun coetáneo *Johannes Roderici* alcumado *Submesso*, fillo de Roderico Pelaiz, que se rexistra nun documento do mosteiro de Monfero datado en 1222, e lembrando a existencia dun lugar con esa denominación na parroquia das Viñas (A Coruña). Finalmente, apunta a posibilidade de que o alcume *Somesso* do trovador remita a un lugar así denominado (*Submeso / Someso*), situado na parroquia de Rabal, no actual concello de Celanova (Ron 2005: 132).

A partir do conxunto de noticias que ofrecen os devanditos estudosos, da información que contén o tumbo de Fiães, dunha referencia documental máis procedente da catedral de Tui e particularmente dos elementos novos que ofrece a documentación diplomática do mosteiro de Melón, coidamos que xa é posible construír un cadro moito máis preciso en que situar Johan Soayrez Somesso. É o que imos tentar no presente contributo, mostrando ao tempo a relevancia que isto ten para a historia da lírica trobadoresca galego-portuguesa.

## 1. A documentación de Fiães: o trovador Johan Soayres Somesso, galego miñoto

Pasamos agora aos datos que ofrece o tombo de Fiães en relación co noso trovador, non só os indubidables por aparecer co seu nome completo (incluíndo o alcume), mais tamén os discutibles por referírense a un Johan Soarez (isto é, *Johanes Suerii* e variantes). Debemos comezar por advertir que revisando as ocorrencias deste nome na documentación do tombo, podemos engadir dúas, en instrumentos datados en 1212 e 1239, que non tivo en conta Ron Fernández no seu estudo. Vexamos, pois, a relación completa<sup>6</sup>.

- En 1212 (nº 251) os irmáns *Fernandus Suerii* e *Iohani Sueri* venden ao mosteiro a cuarta parte do casal de *Auteiro* no camiño que vai pola *villa* de san Martiño de Ladróns. (Deica en diante utilizaremos a versión breve deste topónimo, en referencia á terra, castelo ou vila: San Martiño).
- En 1216 (nº 249) *Johanes Suerii* doa ao mosteiro de Fiães unha herdade no casal de *Facuco*, situado *sub castello* de San Martiño (*Fiães* nº 27). Ese

<sup>6</sup> En 1233 un *Johane Suarit*, *armigero* subscribe unha doazón na bisbarra de Celanova (*Fiães* nº 212), pero este non debe tratarse do noso, que, sendo cabaleiro, non aparecería identificado como escudeiro. Sinalamos incidentalmente que, con base neste documento Ron (2005: 136) lle atribúe a tenencia do castelo de Santa Cruz, que en realidade aparece atribuída a Pedro Fernandez *Manjon* (sobre quen pode verse Monteagudo 2008: 163-64). Tal castelo, que este estudoso localiza erroneamente «preto de Xunqueira de Trives», achábase entre Celanova e a fronteira portuguesa, moi cerca de Fiães (*idem*, 478-79).

lugar probablemente se localice no concello de Arbo, onde aínda hogano existe unha propiedade chamada *Facuco*<sup>7</sup>.

- En 1223 (nº 190) *Johanes Suariz*, xunto a Maria, Pedro, Garcia e Gomez Suariz venden unha herdade en *Marrogos* (Portugal).
- En 1223 (nº 196) *Johane Suariz* subscribe un instrumento como *senior de Crecente, sub manu* de Martin Sanchez (fillo bastardo de Sancho II e Maria Ayras de Fornelos), tenente do castelo de San Martiño.
- Nese mesmo ano 1223 (nº 232), *domnus Johannes Suerii dictus Submessu* doa ao convento de Fiães, en compensación por abusos que cometera con anterioridade, un casal na *villa* de *Chaianos*, que, como decontado veremos, se localizaba precisamente no couto de Crecente. O documento vai subscrito polo tenente de Crecente, que nesta altura era o capelán do rei, Pedro Fernandez, quen aparece subscribindo o documento nº 196 da mesma colección.
- En 1239 (nº 259), na fórmula de datación dun documento aparecen como «tenentes castellum Sancti Martini *domno Iohane Suerii et domno Ruderico Petri*».
- En 1246 (nº 254), un *Iohanes Suerii miles* aparece subscribindo unha doazón a Fiães de certas herdades, entre as que se inclúe un casal de *Facuco* e unha propiedade que foi de *Marie Pelagii Ribiere*, isto é de Maria Paez Ribeira, a célebre *Ribeiriña*. A referencia a *Facuco* indica que este Johan Soarez é o mesmo que o do documento de 1216 antes citado.
- Noutro documento de 1245 (nº 248) cítase un *Johanis Suerii, miles* en relación cunha propiedade na *villa* de *Vite* (Vide, parroquia do concello das Neves), pero este non pode ser o noso personaxe, pois aparece como fillo dunha tal *Terasia Gomecii* (o que contradiría a información que dá o LD sobre a nai), irmán de García Soarez e familiar de Estevo Soarez, cando, como veremos, o noso Johan Soarez tiña un irmán chamado Fernando<sup>8</sup>.

Na data desas cartas, agás a de 1223, non se consigna o rei de Portugal na fórmula de *regnante*, mais Afonso IX ou a Fernando III. Se engadimos ao de-

7 Dato do Catastro actual (Polígono 25, parcela 116, paraxe 932). Información facilitada por Gonzalo Navaza, a quen lle agradezo vivamente a súa valiosísima axuda na localización de topónimos destes documentos.

8 Infelizmente, este documento non está transcrito completo. En todo caso, por outros documentos do tombo de Fiães sabemos que este Garcia Soarez era neto dun Martin Soarez (*Fiães* nº 147) e tiña outro irmán chamado Pedro (nº 148).

vandito a presumible (aínda que discutida) mención do documento de Vilar de Donas de 1230 e mais a información que fornece o documento de 1242 que recolle o acordo entre Johan Soayrez Somesso e o bispo de Tui, parece claro que as propiedades deste se atopaban en terra cismiñota, no ámbito do reino de Galicia. Máis concretamente, todos os topónimos contidos neses documentos (coa excepción indicada) remiten a unha reducida área entre Crecente e As Neves. Por iso, é escusada a conxectura de Ron Fernández (2005: 136) no sentido de que, sendo portugués, «Johan Soarez Somesso tería acompañado a Martin Sanchez formando parte quizais do seu séquito (ou integrado no séquito do infante Pedro). Entre os anos 1223 e 1233 percorrería as terras de fronteira» (*ibidem*, 137). Non fai falla postular que cruzase o Miño a consecuencia de ningún acontecemento especial, tendo en conta dunha banda que, segundo o LD, a súa nai e os seus catro avós eran galegos, e doutra que os intereses e propiedades dos Valadares non se detían no Miño, pois daquela este non constituía unha fronteira infranqueable, senón unha vía de pasaxe entre as terras de ambas as beiras. En realidade, a partir da información que posuímos, carece de sentido seguir presentando Johan Soayrez *Somesso* como trobador portugués. Foi un trobador miñoto, pero do norte, isto é, da beira galega, non da portuguesa.

## 2. A documentación de Melón: Johan Soarez de Chapela e Johan Soarez Somesso

Unha serie de documentos da colección diplomática de Melón (Cambón Suárez, 1957) máis outro da catedral de Tui permiten reconsiderar a fondo a cuestión da identidade de Somesso. En primeiro lugar citaremos tres que se refiren sen dúbida a un mesmo personaxe, Johan Soarez de Chapela:

- As pistas chave para a nosa pescuda ofrécennola dúas mandas testamentarias sucesivas, datadas en 1238 e 1247 e outorgadas por un persoeiro que se presenta como Johannes Suerii de Chapela no primeiro diploma e como «domnus Johannes Suerii miles de Chapela, filius comitisse» no segundo, máis extenso e formalizado ca aquel (véxase apéndice nº 3 e 4).
- Noutra carta de venda, datable entre 1240 e 1247 (*Melón* nº 432), don Johan Soarez «fillo da condesa» (sen dúbida, pois, o de Chapela) vende a Melón dous casais en Domaio e *Gagano*, coa condición de que se ao abade e ao convento non lles prougueren, poderán trocalos («transcambiare») a pracer das dúas partes por dous casais na ribeira do Miño, en *Manadelos* e *Chaganis*,

e por trescentos soldos que lle debían por un casal de *Sendeli*. Entre as testemuñas que subscriben o documento atópase Nuno Fernandez Churrichão, o esposo de Tareixa Gil de Soverosa, sobre quen volveremos.

Hai outras mencións de Johan Soarez na documentación procedente de Melón que esixen unha discusión pormenorizada antes de seren atribuídas ao de Chapela<sup>9</sup>:

- Johan Soarez afora en 1228 unha viña a Gomez Mendez e Mariña Fernandez na vila de *Chagiaes*, coa condición de que fosen os seus vasalos (*Melón* n° 209).
- Johan Soarez aparece como tenente do castelo de San Martiño en diploma datado en 1238 (*Melón* n° 294), o que nos lembra o documento do tumbo de Fiães xa citado, segundo o cal en 1239 un personaxe con idéntico nome partillaba esa mesma tenencia con Rodrigo Perez (*Fiães* n° 259).
- Outro pergamiño, datado en 1240 (pero probablemente datable en 1247) e realizado en Ribadavia perante o meiriño mor do rei en Galicia recolle a obriga de Soeyro Froyla con don Johan Soarez e Fernando Gomez (*Melón* n° 318)<sup>10</sup>.
- Un documento da catedral de Tui datado en 1243 vén subscrito por un Johane Fernandi como tenente do castelo de San Martiño de Ladróns *de manu Iohannis Suarii*<sup>11</sup>.
- En 1245, aparecen xuntos domino Johane Suerii e domino Roderico Suerii a carón de don Gonzalo Eanes tenente de Nóvoa (*Melón* n° 392) e un ano máis tarde, en 1246, figuran outra vez os dous como tenentes de San Martiño (*Melón* n° 421).

Ante este conxunto de testemuños, propómonos demostrar primeira e principalmente que o cabaleiro don Johan Soarez de Chapela é o trasunto histórico

9 Deixamos indicado que no cartorio de Oia aparece un *J. Suariç* como xuíz en Tebra que subscribe un diploma de 1210 (AHN, Clero, Oia, car. 1802, n° 3), que non temos maneira de reconducir ao noso personaxe.

10 O documento leva a data «Era 1278», que corresponde a 1240, pero aparece como meiriño maior do rei en Galicia Rodrigo Garcia, que detivo ese cargo en 1247 (García Oro 1981: 405) e despois entre 1252 e 1262.

11 AC Tui 12/11, de 10 de maio de 1243. Reproducímolo en apéndice (n° 2), a partir de fotografía dixital facilitada polo arquivo da catedral. Agradecemos ao arquivista señor Avelino Bouzón a súa amabilidade. O documento refírese a un negocio en que Johan Soarez e os seus herdeiros tiñan interese directo: a doazón da metade da igrexa de Setados ao bispo don Lucas de Tui.

do trobador Johan Soarez Somesso, e posteriormente, tentar esclarecer cales das mencións a Johan Soarez contidas nos outros documentos que acabamos de citar conducen ao mesmo. Como dixemos, canto ao primeiro e fundamental punto, a clave vén fornecida polas mandas testamentarias de Johan Soarez de Chapela, especialmente a primeira. En efecto, mesmo ao comezo desta o citado cabaleiro manda ao mosteiro de Melón dous casais que ten en *Chagianos*, topónimo que vén coincidir co insólito nome da vila onde se situaba o casal que en 1223 Johan Soarez Somesso doara ao mosteiro de Fiães: *Chaianos*. A significación desta coincidencia ponse de vulto se temos en conta que se trata dun topónimo totalmente insólito<sup>12</sup>. A localización desta vila dánola unha carta de 1281 (*Melón* nº 802), onde se menciona «Chagiaes no couto de Crecente», dentro da «terra de San Martiño», o cal é perfectamente congruente con todas as referencias documentais que posuímos. Na manda datada en 1238 os casais localizados en *Chagianos* denomínanse *Nani* e *Costa*<sup>13</sup>, e efectivamente, no actual concello de Crecente localízanse os lugares de Nane (parroquia do Freixo) e A Costa (parroquia de Crecente). De máis a máis, Johan Soarez na súa primeira manda dispón do foro dun casal en *Seetados* e da súa porción da igrexa de Santa Cristina, que, tendo en conta a localización das propiedades do testador (sobre as que volveremos decontado), só pode referirse a Santa Cristina de Valeixe.

12 De feito, practicamente só aparece (fóra da mención do documento de Fiães que xa coñecemos, e outro máis, datado en 1227, *Fiães* nº 231), grafado de diversos xeitos, nunha presada de documentos, a maior parte deles relacionados con Melón (véxase Fernández Rodríguez 2004: 61, nota 242, onde se cita o noso documento de 1238). Así, as variantes *Chagiaes* e *Chaganis* atéstanse en documentos de 1228 e 1240-47 (*Melón* nº 209 e 432), ambos relacionados con Johan Soarez de Chapela; nunha venda de Tereixa Gil de Soverosa a un Johan Perez fálase da seara de Penso e a bouza de Baralla en *Chachanos* (nº 287), na segunda manda testamentaria de Johan Soarez da Chapela cítase *Chagays*. Nun documento datado en 1249 (nº 444), polo cal o cabaleiro Pedro Rodríguez de Chapela, sobriño e herdeiro de Johan Soarez de Chapela, renuncia á demanda presentada contra Melón verbo da herdanza deste, cítase o lugar de *Chaianis*, obviamente o mesmo que nos interesa. Noutro diploma de 1257 (nº 571) menciónase un casal de *Chagianes* / *Chaianes*, e especificase que está sobre o Miño. Nunha acta de 1274 (nº 739) referida a *Sandelle* (Sendelle, parroquia de Crecente), aparece mencionado *frei Martino de Chagaos*, monxe do mosteiro de Melón. O topónimo rexístrase séculos máis tarde baixo a forma *Chagueans* (Vázquez Martínez 1948: 252), pero hoxe xa non se utiliza.

13 Na manda de 1247, fala dos seus dous casais en *Chagays*, denominados *Petra* e *Nanin*. Pero as lecturas defectuosas do editor multiplícanse no caso deste documento. O casal da *Costa* e os lugares de *Nane* e *Chaianes* foron obxecto dun preito a comezos do século XVIII, véxase «Ejecutoria ganada ante la Real Audiencia de Galicia contra Antonio López Severino de Rivera y otros sobre el casal de la Costa y otros bienes de Oroso, el casal de Mandelos en San Jorge de Vilar y otros bienes en los lugares de Mollapan y Chaines [*sic, por erro*], feligresía del Freixo, jurisdicción de Crecente» [http://pares.mcu.es].

Na nosa opinión, a triple coincidencia na localización de propiedades en tres pequenos lugares situados na mesma bisbarra (*Chagianos* dunha banda; Setados e Santa Cristina de Valeixe doutra) entre as mandas de Johan Soarez de Chapela e os dous rexistros seguros de Johan Soarez Somesso non poden ser debidos á casualidade e non deixan dúbida razoable de que os dous nomes se refiren a unha e a mesma persoa, que aparece como (don) *Johan Soarez Somesso* nos documentos de 1223 (Fiães) e 1242 (Tui), como (don) *Johan Soarez de Chapela* (fillo da condesa) en 1238, 1240-47 e 1247 (Melón) e como *Johan Soarez* en 1228 (Melón). Xa que logo, queda despexado o primeiro asunto que tentabamos esclarecer. Vamos pois ao segundo.

Con vistas a obter toda a posible información sobre Johan Soarez de Chapela / Somesso, analizamos en pormenor as devanditas mandas testamentarias para cotexar os datos obtidos co resto da documentación relevante. A seguir á referencia a *Chagianos*, na primeira manda Johan Soarez de Chapela alude ao seu irmán Fernando Soarez, aínda vivo, o cal nos coloca na pista de Fernandus Suerii e Iohani Sueri, irmáns, rexistrados en documento de 1212 antes citado (*Fiães* nº 251)<sup>14</sup>. Pero se Fernando Soarez estaba vivo en 1238, dez anos despois finara, xa que na segunda manda de Johan o seu lugar vén ocupado polos seus cinco fillos: Stephania, Johane, Petro, Martino e Maria Fernandi<sup>15</sup>. Don Johan

14 Nel menciónase o lugar de *Auteiro* próximo á *villa* de san Martiño de Ladróns. Resulta imposible precisar a súa localización, pois nesa área hai dúcias de topónimos *Outeiro*; en todo caso, resulta oportuno sinalar que Payo Soarez de Valadares e a súa dona Elvira Vazquez de Soverosa figuran vendendo un casal no lugar de *Outeiro*, localizado en San Martiño de Ladróns, en documento de 1192 (*Fiães* nº 4). Por parte, o irmán de Johan tamén podía ser coñecido como Fernando Suarez de Guimaráns, se é quen subscribe un documento de 1228 (*Melón* nº 209). Guimaráns é lugar da parroquia de San Pedro de Batalláns, concello das Neves. Tamén pode ser o Fernando Soarez que aparece en documentos de 1206-14 e 1241 do tomo de Fiães (nº 247 e 250) e o *Fernando Sugerii, miles*, que figura en diplomas de 1231 e 1234 (*Melón* nº 238 e 264), no segundo deles como meiriño de Ribadavia canda Pedro Melgazo (que será o mesmo que figura co mesmo cargo no mesmo ano, onda un Payo Soarez, *Oseira* nº 384). Un «domnus Fernandus Suerii, miles» tamén se rexistra canda a esposa «domna Maior Fernandi» en documento de 1237 (*Oseira* nº 420) e como testemuña dun acordo entre o bispo de Tui e o convento de Fiães en 1243 (Galindo Romeo 1923: xxii-xxiv). O problema para asegurar que estes nomes corresponden ao personaxe que nos interesa é que eran moi correntes na época.

15 Os dous primeiros xa foran citados na primeira manda, os tres últimos só aparecen na segunda. Por parte, Martin Fernandiz Chapela, por el e polos seus irmáns Johan, Maria e Estevaíña (referida aí como «a touquinegra d'Elveos», isto é, monxa no mosteiro de Albeos, en Crecente) preitearon con Melón «por razon d'erdamento de don Fernan Suariz de Chapela» e de «don Johan Suarez», ata chegaren a una «composizon» (*Melón* nº 619, de 1260). O convento acabou por lles dar dous casais e unha viña en Vide e mais un casal en Chapela «que ouvemos de dom Johan Suariz». Outorgou polos herdeiros Suer Muniz de Mandelos, que aparece beneficiado na segunda manda testamentaria

Soarez de Chapela aínda cita outros dous sobriños, Pedro Rodriguez (sobre o que volveremos decontado) e Pedro Martinz (probablemente sobriño neto, como fillo do dito Martin Fernandez), e mais o *criato* Johanni Petri e o *crientulum* Laurentio Roderici<sup>16</sup>. Por tanto, Johan Soarez, que xa debía andar entrado en anos en 1238 (cando fixo o primeiro testamento que lle coñecemos), sobreviviu ao seu irmán Fernando, quen daquela xa tiña ao menos un neto (Pedro Martinz).

Entre os herdeiros máis favorecidos polo señor de Chapela destaca o seu sobriño Pedro Rodriguez<sup>17</sup>, nome este que nos retrae a Rodrigo Perez, o cabaleiro que, como vimos antes, detiña en 1239 o castelo de San Martiño xunto a Johan Soarez (*Fiães* nº 259). Parece natural supor que Pedro Rodriguez fose fillo deste, quen por tanto viría sendo cuñado do testador. Doutra banda, outro sobriño salientado no testamento, Johan Fernandez, é probablemente o mesmo que aparece en 1242 como testemuña do acordo entre Johan Soarez Somesso e o bispo de Tui e en 1243 como tenente de San Martiño da man de Johan Soarez. Tamén é interesante constatar que no diploma de 1242 aparece como mordomo do bispo e o cabido de Tui, e como testemuña da carta, un Johan Perez que ben podería ser o criado na casa de Johan Soarez. Tanto Rodrigo Perez coma Johan Fernandez e Johan Perez son nomes moi comúns na época, pero parece moita casualidade que os dous primeiros coincidan cos de dous sobriños de Johan Soarez de Chapela e o terceiro co do seu criado. Velaí, pois, dous esteos para identificar cunha razoable certeza co de Chapela o Johan Soarez (co)tenente de San Martiño citado en documentos de 1239 (Melón) e 1243 (Tui), e, por extensión, os Johan Soarez mencionados no mesmo cargo en 1238 e 1245-46.

Ao revisarmos outros topónimos onde se localizan propiedades que aparecen nas mandas de don Johan Soarez de Chapela, comprobamos que unha boa parte delas se situaban en Crecente e os seus arredores, mentres que outro nú-

---

de Johan Soarez, ao recibir propiedades tanto en Mandelos coma en Sendelle. A ausencia de Pedro Fernandez nesa demanda pode significar que probablemente xa falecera.

16 *Criado* refírese ao rapaz acollido para a súa crianza na casa dun familiar, doutro nobre ou dun vasalo; *clientulum* era o rapaz nobre que recibía instrución cabaleiresca a cargo dun mestre. Por exemplo, Afonso Raimundez referíase nun diploma de 1118 a si mesmo como *clientulum* de Pedro Froilaz de Traba (Fletcher 1984: 37).

17 Na primeira manda testamentaria, Johan Soarez déixalle «meum casale de Rivo Frigido qui fuit de matre sua»: parecería máis lóxico pensar que Johan quedase cun casal da súa irmá falecida, que despois pasa ao fillo desta. De feito, na mesma manda, Johan Soarez deixa o couto de Domaio ao seu irmán Fernando Soarez para que o teña en vida, pero á súa morte pasaría a Pedro Rodriguez. Porén, non temos noticia da hipotética irmá de Johan Soarez. Pedro Rodriguez presentou unha demanda en relación co testamento do seu tío que foi resolta mediante acordo co convento (*Melón* nº 444, de 1249). O dito diploma permite asegurar que en 1249 Johan Soarez falecera.

cleo importante se atopaban en Chapela e na beira setentrional da ría de Vigo (Domaio). Canto ás primeiras, ademais das xa indicadas de *Chagianos*, Setados e Valeixe, identificamos as seguintes mencións<sup>18</sup>: Albeos (*Elvenis*), antigo mosteiro feminino na parroquia do mesmo nome, situada en Crecente (sobre o cal véxase Vázquez Martínez 1948), en que por certo profesaría unha das sobriñas de Johan Soarez de Chapela (*Melón* nº 619); un casal en Amarelle (*Amareli*), lugar da parroquia de San Xoán de Albeos, concello de Crecente; un casal enteiro e outro medio en *Manadelis / Maadelos*, lugar de Mandelos, na parroquia de Vilar, concello de Crecente<sup>19</sup>; un casal en *Rupees*, que podería corresponder co actual Rubiós, parroquia do concello das Neves; un foro e un casal en *Sandi*, que debe corresponder a Sande (O Coto de Sande, O Pazo de Sande), na parroquia de Mourentán, concello de Arbo; a súa pousa (*pausam*), casal e quintana de *Sendeli / Sandili / Sendely*, isto é, Sendelle, parroquia do concello de Crecente); o prestimonio e a casa (*domo*) de *Varcena*, que debe corresponder co lugar de Barcia, no citado Cequeliños<sup>20</sup> ou, menos probablemente, co hoxe coñecido como O Coto de Barcia, parroquia de Mourentán, concello de Arbo; dous casais en *Vite*, isto é, Vide, parroquia do concello das Neves, moi preto de Setados e próxima tamén a Crecente<sup>21</sup>; un casal en *Seela*, isto é, Sela, parroquia do concello de Arbo; finalmente, o forario e a casa (*domo*) coa súa cortiña de *Booca*, que debe corresponder ao lugar da Bouza, próximo a Sendelle e *Chagueans* no mesmo Crecente.

Engádase ao devandito cadansúa porción das igrexas de *Aravo* (Arbo) e do mosteiro de Crecente, e resultará que, como dixemos, unha parte substancial das propiedades de don Johan Soarez de Chapela se situaban na beira setentrional do río Miño, nos actuais concellos de Crecente, Arbo e as Neves, isto é, no sur da terra menor de San Martiño, cuxos límites coinciden aproximadamente cos arciprestado do mesmo nome (Flórez 1767: vol. 23, 202-03) e que na Idade media constituía unha subdivisión da terra maior de Toroño (Fernández Rodríguez 2004: 55 e 59-61). O seu estatus nobiliar (fillo dunha condesa) e a concentra-

18 Véxase <http://www.xunta.es/nomenclator/> e mais [http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares\\_de\\_Crecente](http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares_de_Crecente) e [http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares\\_de\\_Arbo](http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares_de_Arbo). Para localizar os topónimos que non demos rexistrado nas fontes actuais, resultounos de grande utilidade a relación de foros e propiedades que foron do mosteiro de San Salvador de Albeos editada por Vázquez Martínez 1948: 250-52.

19 Aínda que existe outro lugar con ese nome na parroquia de Cequeliños (concello de Arbo), o noso Mandelos vén localizado con precisión nun diploma coetaneo: «quod jacet circa Villar et circa Crecente» (*Melón* nº 347).

20 Documentao Vázquez Martínez 1948: 252.

21 A parroquia é hoxe Santa María de Vide, que supoñemos que será a mesma que San Xoán de Vide, documentada por Vázquez Martínez 1948: 252.

ción de propiedades naquela área explicaría que Johan Soarez de Chapela puidese atinxir o señorío de Crecente (documentado en 1223) e a tenencia do castelo de San Martiño (documentada en 1238, 1239, 1243 e 1245-46).

Doutra banda, a *Chapela* que acompaña o patronímico do personaxe corresponde sen dúbida co lugar de Chapela, a carón de Vigo, no concello de Redondela, localización que confirma a mención ao couto de Domaio e dentro del ao casal de *Gagano* (*Xaxán*), situado mesmo enfrente de Chapela na beira setentrional da ría. Outras propiedades, a medio camiño entre os dous núcleos principais: Atios (*Atenis / Athenis*), no actual concello do Porriño, Riofrío (Mondariz?); e xa máis lonxe, Murzás (*Murcia?*) lugar da parroquia de Santa Baia de Berredo, concello da Bola (preto de Celanova, na provincia de Ourense). Por tanto, Johan Soarez de Chapela tiña dúas residencias principais (*pausa*): unha en Chapela e outra en Sendelle.

Temos que enxergar agora cales das demais mencións de individuo(s) de nome Johan Soarez, corresponden ao de Chapela ou a outro(s) personaxe(s) distinto(s). O propio don Johan Soarez de Chapela se refire no seu segundo testamento a outro cabaleiro Johan Soarez: «quito *Johanni Suerii militi* porcionem patris sui de hereditate de Atenis». Este pode ser o *Johannis Suerii, miles* en relación cunha propiedade na *villa* de *Vite* (Vide, parroquia do concello das Neves), fillo dunha tal *Terasia Gomecii*, irmán de Garcia Soarez e familiar de Estevo Soarez, que aparece no diploma de 1245 que antes citamos (*Fiães* nº 248). Este Johan Soarez tiña aínda máis irmáns, pois sen dúbida é o que figura noutra carta de 1223 xa citada (*Fiães* nº 190), onda Maria, Pedro, Garcia e Gomez Soarez. Pertencían a unha familia importante, pois os dous últimos foron tenentes de Valadares: Gomez en 1217-18 (*Fiães* nº 137-38) e Pedro en 1218 (nº 295). Pedro e Garcia aínda se rexistran xuntos noutro diploma de 1221 (*Fiães* nº 148), pero parece que o ámbito de propiedades e actuación desta familia se situaba máis ben ao sur do que ao norte do Miño. Tendo en conta este feito, e que estes personaxes non aparecen relacionados con Crecente nos documentos ditos, consideramos máis probable que a mención a Johan Soarez de 1216, e particularmente a de 1223 (*Fiães* nº 196 e 249), en que este aparece como señor de Crecente, o mesmo que as de 1240 e 1246 (*Melón* nº 254 e 318), se refiren ao de Chapela.

Finalmente, no que atinxe ao documento de 1230 de Vilar de Donas que Ionannes Sumessu subscribe como testemuña, é de notar que o seu nome aparece entre os de Petrus Ruderici e Fernando Gomes. Pois ben, Pedro Rodriguez é o nome do cotenente, con Johan Soarez, do castelo de San Martiño en 1239 (*Fiães*

nº 259), segundo vimos antes; mentres que Fernandus Gomecii aparece onda *domnus Johannes Suerii* como fiadores (*fideiusores*) dun Suerius Froyle, en documento xa citado de 1247 (*Melón* nº 318). De máis a máis, entre as testemuñas deste último documento figuran Arias Joanis de Lemos e Joanes Ferdinandis Yancas: o primeiro nome fainos lembrar que un Aria Johannis aparece citado na segunda manda de Johan Soarez de Chapela, mentres que o segundo nos recorda o nome do sobriño deste. Ben que se trata de nomes relativamente frecuentes, o certo é que tales coincidencias dificilmente poden deberse á simple casualidade; de maneira que estimamos que o Johannes Somesso que subscribe o diploma de Vilar de Donas moi probablemente é o personaxe en foco no presente traballo.

En definitiva, parece razoable identificar o Johan Soarez citado nunha serie de documentos de Fiães, Melón e a catedral de Tui entre 1212 e 1246 con don Johan Soarez de Chapela. Aos argumentos que fomos destecendo en cada caso particular, engadimos dous xerais: a propia verosemellanza de que sendo o da Chapela un dos nobres máis relevantes do couto de Crecente e da terra de San Martiño, atinxise o señorío do primeiro e a tenencia da segunda; e o feito de que, após o falecemento do de Chapela (1247)<sup>22</sup>, no rexistro documental daquela área xa non volve comparecer un Johan Soarez, o cal indica ás claras que a maior parte das referencias previas (en particular, as das tenencias de San Martiño) se referían a el. Xa que logo, parece razoable admitir que don Johan Soarez Somesso / de Chapela foi señor de Crecente en 1223 (*Fiães* nº 196), tenente da terra de San Martiño en 1238-39, neste último ano con Rodrigo Perez, probablemente o seu cuñado (*Fiães* nº 259), detivo outra volta esta tenencia en 1243, que delegou no seu probable sobriño Johan Fernandez (Tui 12/11), e partillouna en 1245-46 con Rodrigo Soarez (*Melón* nº 392 e 421)<sup>23</sup>.

22 Sabemos que este faleceu en outubro de 1247 ou pouco despois, pois na acta de renuncia da demanda presentada polo seu sobriño contra Melón sobre a súa última manda (*Melón* nº 444, de 1249), afirmase que deu esta «in hora mortis».

23 Resumimos as referencias documentais relevantes: 1212 (Fiães nº 251) os irmáns *Fernandus Suerii* e *Iohani Suerii* venden ao mosteiro a cuarta parte do casal de Auteiro (San Martiño); 1216 (nº 249) *Johanes Suerii* doa a Fiães o casal de Facuco (San Martiño); 1223 (nº 196) *Johane Suariz* aparece como señor de Crecente, sub manu de Martin Sanchez, tenente do castelo de San Martiño dos Ladróns; 1223 (nº 232) *domnus Johannes Suerii dictus Submessu* doa a Fiães un casal na vila de *Chaianos*, en Crecente; 1228 (*Melón* nº 209) *domnus Joannes Suerii miles* afora unha viña na vila de *Chagiales*; 1230 (Vilar de Donas nº 11) *I. Submessu testis*, con Petrus Ruderici e F. Gomes; 1238, febreiro (*Melón* nº 294) *domno Johanne Suerii* aparece como tenente do castelo de San Martiño; 1238, outubro (*Melón* nº 299) manda testamentaria de *Johannes Suerii de Chapela*, en que cita propiedades en Chagianos, Seetados e Santa Cristina; 1239 (Fiães nº 254) aparecen como tenentes *castellum Sancti Martini domno Iohane Suerii et domno Ruderico Petri*; 1242, Catedral de Tui, *Johan*

Noutro traballo exploramos máis a fondo a ascendencia, a posición social e o marco histórico en que se desenvolveu a biografía de Johan Soarez de Chapela / Somesso (Monteagudo no prelo), pero non queremos deixar de sinalar aquí a presentación que don Johan Soarez de Chapela fai de si mesmo como «fillo da condesa», tanto no seu segundo e definitivo testamento coma noutro documento xa citado (*Melón* nº 432). Precisamente, este é outro dato que resulta suxestivo no sentido de identificar o trovador *Somesso* co señor de Crecente, pois, como sinalamos, o *Livro do Dean* afirma que Johan Soarez, o «bom trovador», era fillo dunha «infante galega». Tendo en conta a tendencia dos liñaxistas a elevar a ascendencia dos nobres non parece disparatada a conxectura de que os compiladores do dito *Livro* elevasen a categoría da nai do trovador, de condesa a infanta. Doutra banda, o feito de que Johan Soarez non diga nada do seu pai podería ser indicio de que aquela tiña un relevo social maior ca este, o que é compatible coa información que o LD ofrece sobre *Somesso*: o pai, Soeyro Ayras, era un persoeiro da nobreza miñota, mentres que a nai sería unha señora de liñaxe máis elevada.

### 3. Relación con Martin Gil de Soverosa

Amentamos ao comezo do presente contributo a única cantiga de escarnio de Johan Soayrez Somesso que chegou a nós (B 104). Como se dixo, esta ten como protagonista a Martin Gil de Soverosa, quen aparece localizado no lugar de *Muimenta*, e nela tamén se menciona o río Sil (aínda que a lectura deste hidrónimo non está exenta de dúbidas). Coherente coa súa crenza de que Somesso era portugués e guiándose polo feito de que os personaxes citados na cantiga son todos portugueses, dona Carolina sitúa Muimenta en Portugal, sen xustificar a mención do río Sil. Pola nosa banda, coidamos moito máis verosímil que o lugar mencionado sexa un Muimenta situado preto de Ribadavia (actualmente no concello de Carballeda de Avia). O río Sil non queda especialmente próximo a ese lugar

---

*Suerio Sumenso* renuncia ao padroado sobre as igrexas de Santa Cristina de Baleixi e Santa Eugenia de Saetados en troca do prestimonio vitalicio sobre os casais de *Palacio* e *Suacarreira* en Saetados; 1243, Catedral de Tui, *Johane Fernandi* tenente do castelo de San Martiño *de manu Iohannis Suarii*; 1245 (*Melón* nº 392) *domino Johane Suerii* e *domino Roderico Suerii* a carón de don Gonzalo Eanes tenente de Nóvoa; 1246 (nº 421) os dous primeiros figuran como tenentes de San Martiño; 1246 (Fiães nº 254) *Iohanes Suerii miles* doa a Fiães herdades, entre as que se inclúe un casal de *Facuco*; 1240-47 (*Melón* nº 432) *domnus Johanne Suarii filius comitisse* vende a *Melón* dous casais en Domaio e *Gagano*; 1247 (1240) (*Melón* nº 318) obriga de Soeyro Froyla con *domino Johanni Suerii* e *Fernandus Gomecii*; 1247 (nº 433) testamento definitivo de *domnus Johannes Suerii miles de Chapela, filius comitisse*.

(tampouco moi arredado), pero parte do efecto humorístico da cantiga podería vir precisamente da confusión xeográfica que evidenciaría. Que podería facer Martin Gil de Soverosa en Muimenta, perto de Ribadavia?

Martin Gil de Soverosa, fillo de Gil Vazquez de Soverosa (1200-1240ca.) e de Maria Ayras de Fornelos (de xinea galega, radicada precisamente en Crecente), era curmán de Soeyro Paez de Valadares –o pai de Johan Soarez, se nos guiamos do *Livro do Dean*–, xa que a nai deste era Elvira Vazquez de Soverosa, irmá de Gil Vazquez. Segundo dona Carolina, en 1211 Martin Gil marchara coa súa irmá Tareija Gil para a corte leonesa (Vasconcelos 2004, 114), onde esta se convertería en amante de Afonso IX, quen lle outorgou unha importante doazón en 1229, precisamente na terra de Toroño (*Oia* nº 48 = *Melón* nº 219). Debeu de ser durante esa estadía ao norte do Miño que Martin Gil contraeu matrimonio con Einés Fernandez, filla de Fernando Goterez de Castro, importante aristócrata dominante na terra de Lemos, documentado entre 1208 e 1240 (Monteagudo 2008: 134-36) e que figura con forte presenza na terra de Toroño, pois foi tenente de San Xoán de Penacorreira e Novoa (1208, 1212, 1214), de Toroño (1213), e finalmente do Burgo de Ribadavia (1228, 1232).

Martin Gil de Soverosa tivo estreitísima relación coas bisbarras que nos interesan: así, figura como tenente da estratéxica terra fronteiriza de Toroño en 1225 e de 1229 a 1236 (*Oia* nº 40, 53, 56-60, 63, 67-68, 70-71) ao tempo que detiña a tenencia de Valadares, na outra banda do Miño, primeiro en 1227 (*Fiães* nº 95) e despois ininterrompidamente desde 1230 (*Fiães* nº 140) ata 1247. Asemade, detivo as tenencias do propio San Martiño e das vilas de Baiona (1229) e A Guarda (1233), e do Burgo, quer dicir, Ribadavia (1234-36), esta última en nome do seu poderoso sogro<sup>24</sup>. En definitiva, nesa época Martin Gil controlaba en boa parte a fronteira entre os reinos de Galicia/ León e Portugal ao norte e o sur do Miño, unha área altamente sensible, pois fora obxecto de constantes litixios ao longo do século XII. Constituía, por tanto, un personaxe clave no taboleiro das complexas relacións entre os reinos de Galicia/León (e despois de 1230, Castela) e Portugal.

24 Véxase Fernández Rodríguez (2004: 173-75), e concretamente para Ribadavia, *Oseira* nº 383-85 (1234) e 413 (1236). Por outra banda, desde 1223 Martin Gil figura na corte de Sancho II de Portugal cabo do seu pai, «ocupando em breve o primeiro lugar na proximidade e confianza do jovem monarca» (Vasconcelos 1904: II, 302). Como valedor deste, enfrontouse e derrotou os nobres revoltados na lide do Porto, producida en 1245, e cando a deposición de Sancho II e o ascenso ao trono de Afonso III, desnaturouse para Castela. Dona Carolina documéntao aínda en 1254, asinando un instrumento na área de Sevilla, pero segundo ela, desde 1255 xa parece reconciliado con Afonso III de Portugal, figurando na corte deste (Vasconcelos 2004: 115-16).

Don Johan Soarez de Chapela / *Somesso* estaba, sen dúbida, próximo a Martil Gil de Soverosa, e máis aínda á súa irmá Tareixa Gil, pois a antiga barra-gá de Afonso IX tiña propiedades en Maadelos, «quod jacet circa Villar et circa Crecente» (*Melón* nº 347, de 1243) e tamén fixo negocios en *Chachanos* (*Melón* nº 387 e 407, de 1245; véxase tamén nº 475, de 1252). Non por casualidade, o marido de Tareixa Gil, Nuno Fernandez *Churrichão*, subscribe unha venda de Johan Soarez de Chapela a Melón (*Melón* nº 432, 1240-47). Fica, pois, esclarecida a relación histórica entre Johan Somesso e Martin Gil.

#### 4. Somesso e o núcleo trobadoresco inicial. Notas temáticas e lingüísticas

Nun traballo anterior aventurámonos a seguir a pista de tres dos trobadores presumiblemente máis antigos dos cancioneros galego-portugueses (Monteagudo 2008: 341-416). Dous deles formaron parte do núcleo protagonista da implantación da lírica trobadoresca na nosa terra: Pero Paez Bazaco, de quen non nos chegaron composicións, e Osoyro Anes, de quen temos a mostra menos exigua de cantigas de autores dese núcleo (oito textos). O terceiro, Fernan Paez de Tamallancos, formou parte dunha segunda promoción de trobadores, co fenómeno lírico xa en proceso de expansión, á que tamén debeu pertencer Johan Soayrez Somesso. No dito estudo chamabamos a atención para as ligazóns intertextuais, tanto nos planos temático e retórico coma no propiamente lingüístico, entre Osoyro Anes (xunto a outros autores do núcleo de implantación) e unha serie de autores do grupo de primeira difusión, en concreto Fernan Paez de Tamallancos, Fernan Rodriguez de Calleyros, Johan Soayrez Somesso e Vasco Fernandez Praga de Sandim (*ibidem*, 383 e 387-89) Volvemos agora sobre estas conexións, colocando o foco sobre Somesso.

Lembramos algúns trazos de distinto teor que vencellan aos trobadores en aprezo. Comezando polos aspectos temáticos, salientan dous (Oliveira e Miranda 1995: 507; Oliveira 2004: 122-23): o tema do *change*, ou cambio de señora, característico de Osoyro Anes (B 38-39-39b) e moi pouco convencional, é retomado por Fernan Paez de Tamallancos (B 74-75) e Somesso (A 21 / B 114), mentres que o da insuficiencia da dama en cuestións amorosas, asunto tamén inusual que se apunta en dúas cantigas de Osoyro Anes (B 37 e 39), é tamén revisitado por Somesso (A 16 / B 109, A 22 / B 115). Por parte, algunhas expresións relacionan estes autores entre si e cos seus veciños nos propios cancioneros (e xulgamos

tamén que na realidade histórica), especialmente Somesso con Fernan Rodriguez de Calleyros e Vasco Fernandez Praga. Somesso mostra unha rechamante insistencia no uso do verbo *forçar*, en expresións como «gran med'ei de me *forçar* o seu amor» e «non pod'om' Amor *forçar*», «Amor á tan gran poder, que *forçar* pode quen quiser», «*forçoumi* o seu amor». Nestas expresión enxérgase con toda clareza o eco de Osoyro Anes: «Cuidei eu de meu corazón que me non podesse *forçar*», «e *forçoume* ora novo amor e *forçoume* nova señor», «*forçaronmi* os ollos meus». Doutra banda, o íncipit dunha cantiga de Somesso «*Puñei eu mui't'en me guardar*» non deixa de lembrar dous versos de Fernan Rodriguez de Calleyros: «sempr'*eu puñei* en lli buscar» e sobre todo «pero que *puñei*, mia señor, *en me guardar*»<sup>25</sup>.

No plano lingüístico, no estudo antes citado chamamos a atención para as insólitas variantes tipo *oer / ouver* que se rexistran, ademais de Somesso, en Osoyro Anes, Roy Gomez o Freyre, Fernan Rodriguez de Calleyros, Pero Garcia de Ambroa e Fernando Vasco Praga, entre outros poucos autores (Monteagudo 2008: 370-77). Por outra banda, a conxunción concesiva *macar*, que Somesso emprega nunha ocasión, é utilizada nos cancioneros exclusivamente por Osoyro Anes (unha ocorrencia), Fernan Rodriguez de Calleyros (cinco ocorrencias), Vasco Fernandez Praga (dez ocorrencias), Afonso X (catro ocorrencias) e Pero de Veer (unha ocorrencia). A preposición *ergo*, con tres ocorrencias en Somesso, gozou dunha circulación considerablemente maior, pois rexístrase en Osoyro Anes, Fernan Rodriguez de Calleyros, Vasco Fernando Praga de Sandin, Martin Soarez, Nuno Fernandez e outros autores posteriores, pero non deixa de chamar as concomitancias expresivas entre Calleyros, Somesso e Praga<sup>26</sup>:

\* Calleyros (47.21): «ca non poss'eu *sabor aver* en al *ergu'en cuydar* no vosso parecer»

\* Somesso (78.3): «ca non *ey* doutra ren *sabor ergu'en* viver u ela for»

\* Somesso (78.10): «e non me *sey consell'achar* nen acharey, *ergu'en* cuidar consello»

\* Vasco Praga (151.22) «nunca sen vós *ouvi sabor ergu'en* chorar»

25 Vasco Gil emprega unha expresión semellante, tamén no íncipit dunha cantiga: «*muito puñei* de vos negar», e tamén se oen ecos dela en Nuno Fernandez («Sempr'*eu puñei* de lli mal fazer») e Johan Lopez de Ulloa («Sempr' *eu puñei* de a servir»).

26 Novamente, coincide con estes autores Vasco Gil, o que non deixa de ser significativo, pois este, como fillo de Gil Vazquez de Soverosa e Maria Ayras de Fornelos, era irmán de Martin Gil e Tareixa Gil de Soverosa; por tanto, non debeu andar mo lonxe dos seus conxéneres (algo máis vellos) Fernan Rodriguez de Calleyros, Johan Soayrez Somesso e Vasco Fernandez Praga. Está documentado entre 1238 (xa adulto) e 1258, e probablemente entre esas datas hai que situar a súa actividade poética (Oliveira 1994: 436-37). Coidamos que convirá estudar con detalle as relacións de Vasco Gil con estes autores, e probablemente tamén as de Nuno Fernandez (a quen podería corresponder a personalidade histórica de Nuno Fernandez Churrichão, o marido de Tareixa Gil).

De máis a máis, chamamos a atención para a variante *cuita*, que nos textos de Somesso alterna coa moito máis corrente *coita*: a primeira, insólita nos cancioneros, aparece con doce ocorrencias en Somesso e con dezaoto en Vasco Fernandez Praga; no resto da lírica trobadoresca só se rexistran seis ocorrencias máis, en cantigas de Afonso Eanes do Cotón, Vasco Gil, Nuno Fernandez e Pero Garcia Burgales<sup>27</sup>. Finalmente, no cancionero de Somesso ocorre en dúas ocasións a variante *convusco* (alternando con *(con)vusco*), que aparecerá moi ao raro nos cancioneros e que lembra a insólita forma *vusco* que se rexistra en Vasco Fernandez Praga (Álvarez Blanco 2004).

Canto ao léxico, queremos chamar a atención para dous vocábulos empregados por Somesso, ambos de sabor feudal: *revelar* ‘revolverse en contra’ e *vassalo*. A atestación máis antiga en galego da primeira ocorre nunha cantiga de Somesso («nen val *revelar* omẽ contra el»), dándose o caso de que atinxiu escasa circulación nos textos galegos medievais, pois rexístranse soamente dúas atestacións máis no século XIII (unha en Johan Servando e outra nas *Cantigas de Santa Maria*), e non volve aparecer deica finais do século XV<sup>28</sup>. No tocante a *vassalo* é de salientar que, fóra do rexistro en Somesso, dentro do cancionero amoroso esta palabra só aparece en Fernan Rodriguez de Calleyros, Vasco Fernandez Praga, Afonso Eanes do Coton e mais nun par de autores tardíos, don Denis e Rodrigo Eanes de Vasconcellos.

En definitiva, todo o devandito pon de vulto a proximidade entre Somesso e Fernandez Praga, e de ambos os dous con Calleyros e con outros trobadores do núcleo inicial, nomeadamente Osoyro Anes, ao tempo que tamén suxire relacións con estes de Vasco Gil e Nuno Fernandez.

Finalmente, e sen pretensións de afondar no tema, referíremonos a un par de aspectos gramaticais que serven para caracterizar a nacente linguaxe lírica galego-portuguesa a través dos textos, relativamente abundantes, de Somesso. No eido dos pronomes indefinidos, que experimentou unha evolución moi perceptible no galego escrito (mesmo no poético) ao longo do século XIII (Monteagudo 2008: 269-312), salientamos que na obra deste autor non se rexistran as formas *ninhũu / nengũu nin nada* como pronomes autónomos; as funcións correspondentes son cubertas respectivamente por *non... omẽ / nullo omẽ - muller* e *non... ren / nulla ren*: «*non* poss'eu ja creer que *omẽ* per coita d'amor morreu nunca, pois

27 Datos do TMILG e do CODOLGA.

28 Datos de TMILG. En textos portugueses tampouco volve aparecer ata o século XV, segundo revela a consulta do Corpus do portugués s.v. *revelar*. Nótase que na idade media o verbo non era pronominal.

na mayor viv'eu que pod'Amor fazer aver a *null'omẽ* per *ren*»; «*ren non dá ela por est'ome perder*»; «*nunca ll'ouso dizer ren*», «*nulla ren me non fica daquel gran ben*»; «*non end'ei ren*», «guardarse ben de llo saber por *ren null'ome nen moller*». Cómpre subliñar que *ren* tamén é abundantemente empregado como substantivo, de feito máis frecuente ca *cousa* (só ten dúas ocorrencias por vinte e tres de *ren*): «algũa sazón an eles sabor doutra *ren*», «quer'eu agora comezar ùa tal *ren*», «e sei agora ja del ùa *ren*», «e do que end' estou peor é d' ùa *ren* que vus direi».

Doutra banda, o indefinido *outra* é moito menos utilizado ca *al* (oito ocorrencias contra quince), aínda que presentan usos parcialmente distintos, sendo o primeiro empregado como adxectivo (case sempre acompañando a *ren*) ou como substituto pronominal, mentres que o segundo é utilizado fundamentalmente como pronome autónomo: «non ei *doutra ren* sabor», «que non pod'ome *coita* aver que non aja log'a perder des que ll'*outra* chega mayor», «*doutra gran coita* me parti»; «se ll'eu podesse *al fazer*», «pero me nunca punh' en *al* senon na mia coita dizer», «eu non poss'end' *al fazer*» / «non poss'i *al fazer*». Así e todo, é de notar dunha banda que *al* admite cuantificación, mesmo como pronome autónomo («non desejo muit' *al*»), e doutra, que tamén pode funcionar como adxectivo: «tod'al coita perdi». Neste último uso, é de salientar especialmente a combinación *al ren* («Deus poder non dá de me per *al ren* defender»), unha expresión que é se rexistra unicamente no noso autor, Vasco Praga, Vasco Gil e Martin Perez Alvim.

Finalmente, para expresar indeterminación do axente Somesso usa *ome* e nunca *se* (que só aparece con verbos pronominais: *guardarse*, *irse*; mentres que *x'* non ten valor sintáctico), en ocasións co matiz de impersonalidade atenuada ('un', 'alguén', 'ninguén'), con implicación do emisor: «se ll'*om'* a questo non faz, de mais viver non ll'é mester», «non pod'*om'* Amor forçar», «eu non posso creer que *ome* perderá per *ren coita d'amor*», «puñan en adeviñar *fazenda d'om'e 'n-a* saber, «Pero com'Amor leixa viver mi non sei; nen val revelar *omẽ* contra el». Os devanditos usos poden ser simplemente trazos lingüísticos arcaicos ou arcaizantes, pero tamén poderían testemuñar o influxo da lingua literaria dos trobadores occitanos.

Finalmente, como variantes gramaticais notables nos textos de Somesso, debemos facer mención á forma <l> do pronome persoal de terceira persoa dativo *lli* / *lle* (que aparece só no Cancioneiro da Ajuda, pois en B foi regularizada para <lh>), unha variante arcaizante totalmente inaudita na lírica trobadoresca. É notable tamén a presenza das variantes da preposición *ontre* e *antre*, a primeira insólita nos cancioneros (só se rexistra no noso autor e en Pero Anes Solaz; pola contra, é frecuente na documentación notarial e moi corrente na prosa histórica), mentres que a segunda é máis corrente, aínda que non banal.

## 5. Conclusión. A relevancia da identificación de Johan Soarez Somesso para a historia da lírica trobadoresca

En definitiva, a hipótese central do presente traballo é que o trobador Johan Soarez Somesso e don Johan Soarez de Chapela, nobre de relevo con propiedades na bisbarra de Crecente e a ambas as beiras da ría de Vigo falecido en 1247, foron o mesmo individuo. Secundariamente, tentamos demostrar que este está documentado como Johan Soarez a partir de 1212 e foi señor de Crecente (1223) e (co)tenente da terra de San Martiño de Ladróns en distintos momentos, ao menos entre 1238 e 1246. Tamén damos como probable que o Johan Soarez «bom trobador» citado no *Livro do Dean* haxa que identificalo co mesmo personaxe, pero deixamos para outro traballo a discusión da noticia deste segundo o cal era fillo de Soeyro Ayras de Valadares e unha infante galega, e en xeral toda cuestión relativa á súa ascendencia. En todo caso, da súa cronoloxía dedúcese que a súa actividade poética se produciu seguramente nas catro primeiras décadas do século XIII, e probablemente entre 1215ca-1240ca.

Doutra banda, a sumaria análise temática e sobre todo lingüística da súa obra pon de relevo a proximidade de Somesso a Osoyro Anes, un trobador galego que pertenceu ao núcleo inicial, responsable da implantación do fenómeno trobadoresco no ámbito galego(-portugués), quen noutro traballo noso foi identificado como membro dunha liñaxe (os Novoa) radicada na beira setentrional do Miño, ao nordeste pero non moi lonxe da bisbarra de Crecente. Esa análise pon tamén de vulto a estreita conexión de Somesso co seu coetáneo Fernan Rodriguez de Calleyros, outro precursor, neste caso procedente do sur do Miño, que atopamos documentado en 1196, e con Vasco Fernandez Praga, galego de orixe radicado no Minho portugués. Segundo os Nobiliarios, tanto un coma o outro portiñan coa liñaxe de Valadares a que presuntamente pertencía Johan Soarez Somesso. Se non eran consanguíneos, sen dúbida foron contemporáneos, veciños e colegas na arte do trobar.

Finalmente, debemos destacar que a cronoloxía, posición social e localización de Johan Soarez Somesso, quen tiña un pé na fronteira miñota (Crecente) e outro no medio e medio da ría de Vigo (Chapela), poñen de relevo dous aspectos. Primeiro, a importancia dos contactos entre liñaxes nobres do norte e do sur do Miño (que constituían un grupo sociocultural compacto que a fronteira política tardou en escindir) na xénese e difusión do fenómeno trobadoresco. Nese contacto, foi especialmente sobranceiro o papel dunha serie de familias nobres da Galicia miñota, tanto do tramo medio do río (Aasma, Búbal, Orcellón, Castela,

Novoa) canto do tramo baixo e fronteirizo (Toroño), como nos lembran figuras como Maria Ayras de Fornelos (precisamente procedente de Crecente) e os seus fillos Martin Sanchez e mais Martin e Tareixa Gil de Soverosa, habidos respectivamente de Sancho II de Portugal e Vasco Gil de Soverosa e que pola súa vez fixeron carreira e emparellaron en Galicia. En segundo lugar, a presenza na terra de Toroño nas primeiras décadas do século XIII dun nobre abastado e afeccionado á lírica axuda a entender mellor o afloramento ata o nivel cancioneril dunha tradición xograresca especialmente viva naquelas terras, onde salientan nomes como Abril Perez, Johan de Cangas, Meendiño, Martin Codax ou Golparro<sup>29</sup>.

En definitiva, a identificación de Johan Soayrez Somesso como don Johan Soarez de Chapela ofrece unha interesante vía de avance para a historia da lírica trobadoresca galego-portuguesa, que exploramos noutro traballo complementario do presente. Esta nova volve lembrar a orixe e a traxectoria comúns, así no plano lingüístico como literario, do galego e o portugués; asunto este toldado por preconceptos nacionalistas dunha e outra banda do Miño. Constitúe para nós unha grande honra ofrecermos a primicia desta nova, que interesa por igual a norte e a sur dunha fronteira política pero non sentimental, ao admirado mestre e queridísimo amigo Ivo Castro, que con tanta brillantez como sutileza nos ensinou a vencellar a historia da lingua coa cultural.

## 1

1242, marzo, 25

*Don Johan Soarez dito Sumenso renuncia en mans de don Lucas bispo de Tui o padroado que lle correspondía sobre as igrexas de Santa Cristina de Valeixe (A Cañiza) e Santa Uxía de Setados (As Neves), en troca do prestimonio vitalicio que o bispo lle concedeu sobre os casais de Pazo e Sucarreira en Setados, coa condición de que á súa morte volvesen á igrexa de Tui. Subscrición notarial: Martín Eanes de mandado de Payo Perez, notario público.*

Arquivo da Catedral de Tui, P 12, nº 11. Pergamiño orixinal, 320 x 160 mm. Bo estado de conservación, deteriorada por pregue a liña 10. Latín.

Citado por Flórez (1767: vol. 22, 127) e Galindo Romeo (1923: 78).

<sup>29</sup> Por certo, este último aparece rexistrado na documentación que analizamos como *Johannes Fernandez dicto Golparro* (Melón nº 573, de 1257). É ben sabido que Golparro figura nos cancioneiros como autor da cantiga de amigo, subxénero de santuario, en que se fai referencia a San Treeçon (B 1266 / V 872).

(*Crismón*) In dei nomine. Quoniam ea que in presenti fiunt more labentis [at]que facta hominum cum ipsis seculis dilabuntur nisi scripture testimonio roborentur, idcirco per hoc scriptum in perpetuum uali|turum sit notum presentibus et futuris quod ego Lucas, tudensis episcopus, uobis domno Iohanni Suarii dicto Sumenso do in prestimonium ad habendum tamen in uita uestra casale nostrum |<sup>3</sup> dictum de Palacio in Saetados et casale de Subtscarreiram quod uos in ipsa uilla de Saetados olim dedistis ecclesie tudensi, ita quod habeatis fructus horum casalium in |<sup>4</sup> uita uestra. Tamen post mortem uero uestram predicta duo casalia ad tudensem ecclesiam deuoluantur cum uinea quam uos in ipsa uilla plantastis, libere ac quiete perpetuo possiden|da. Et ego predictus Iohannis Suarii dictus Sumenso do et concedo uobis domno Lvce tudensi episcopo et ecclesie eiusdem in perpetuum quicquid iuris habebam in predicta uinea uel in |<sup>6</sup> predictis casalibus. Do etiam uobis predicto episcopo et ecclesie tudensi totum ius patronatus quod habeo in ecclesie Sancte Christine de Baleixi et si quid iuris habeo in ecclesia Sancte Eugenie de Saetados quicquid |<sup>7</sup> illud est. Si quis igitur contra hoc factum uenerit sit maledictus et excommunicatus et cum Iuda proditore in inferno dampnatus et pectet episcopo et capitulo tudensi iiii<sup>or</sup> milia solidorum et careat |<sup>8</sup> uoce et hec karta semper maneat firma.

Facta karta era M<sup>a</sup>.CC<sup>a</sup>.LXXX, viii<sup>o</sup> kalendas aprilis. Regnante Rege domno Ferrando in Castella, Toletto, Legione, Galle|cia et Corduba. Domno Lvca in Tuda episcopo. Fernando Iohannis Toronium tenente. Martinus Moyado et Iohannis Petri maiordomis ex parte episcopi et capituli tudensibus existentibus. Nos |<sup>10</sup> Lucas, tudensis episcopus, et Iohannis Suarii dictus Sumenso hanc kartam quam fieri iussimus roboramus et confirmamus et signa facimus + +.

Qui presentes fuerunt :

[1<sup>a</sup> Columna]

Petrus Menendi decanus tudensis

Suerius Petri archidiaconus tudensis

Stephanus Fernandi magisterscholarum tudensis

Alfonsus Menendi prior et canonicus tudensis

Menendus Gomecii canonicus tudensis

Nunio Petri canonicus tudensis

Martinus Fernandi canonicus tudensis

[2ª Columna]

Johannis Petri *canonicus tudensis*  
 Martinus Menendi *canonicus tudensis*  
 Petrus Salvatoris *canonicus tudensis*  
 Matheus *presbiter canonicus sancti Ysidori legionensis*  
 Petrus Menendi *presbiter scriptor episcopi*  
 Fernandus Moogo *presbiter*  
 Petrus Stephani *presbiter*

[3ª Columna]

Johannis Martini *presbiter*  
 Fernandus Alfonsi *subdiaconus*  
 Petrus Martini *clericus cori*  
 Johannis Fernandi *laycus*  
 Johannis Alfonsi *rasor*  
 Johannis Petri de Saetados  
 Alfonsus Egidii

[4ª Columna]

Johannis  
 Petrus                      Testes  
 Martinus

|<sup>18</sup>Ego Martinus Iohannis de mandato Pelagii Petri *presbiter publici notarii* scripsi et confirmo.

## 2

1243, maio, 15, Tui

*Don Martin Ayras, da Orde Militar de Santiago, confirma unha doazón feita ao bispo de Tui don Soeyro pola súa avoa a condesa Urraca Fernandez na metade da igrexa de Setados (As Neves), e os dereitos sobre Pazo e Quintana na vila de Setados na terra de San Martiño de Ladróns.*

*Subscrición notarial: Gomecio Midi, notario público.*

Arquivo da Catedral de Tui, P 13, nº 22. Pergamiño orixinal, 290 x 220 mm. Bo estado de conservación, aínda que con pequenos atritos nas liñas 5 e 6. Latín.

Citado por Fernández Rodríguez (2004: 30).

In De*j nomine amen*. Notum sit omnibus tam presentibus quam futuris quod ego Martinus Arie, frater Ordinis milicie Sancti Jacob, recognosco auiam meam, comtissam |<sup>2</sup> domnam Orracam Fernandi bone memorie, medietatem ecclesie de Saetados in terra Sancti Martinj de Latronibus pie recordacionis domno Suerio, quondam tu|densi episcopo et ejusdem ecclesie contulisse ob remedium anime sue et parentum suorum cum omnibus pertinencijs suis perpetuo possidendam. Quam donacionem |<sup>4</sup> ego predictus Martinus Arie uobis domno Luce tudensi episcopo et ecclesie uestre confirmo et concedo. Et si quis michi iuris usque nunc competebat in predicta ecclesia |<sup>5</sup> de Saetados, totum uobis et ecclesie tudensi dono et concedo perpetuo pacifice possidendum.

Dono [na]m uobis et ecclesie uestre adque (sic) concedo, si quid mihi |<sup>6</sup> iuris hereditarij competebat, in Pala[cio et in] Quintana, uel uilla de Saetados, cum omnibus pertinencijs [suis et] quod illud sit ut ab hac die de iure meo sit |<sup>7</sup> abrasum et alienatum et in uestro et ecclesie tudense iure ac dominio traditum et firmatum, ut habeatis potestatem faciendi de omnibus supradictis |<sup>8</sup> quicquid placuit uobis. Hoc autem facio ob remedium anime mee et ob amorem uestri domne Luca tudense episcope et ecclesie uestre. Si quis autem contra |<sup>9</sup> hanc meam concessionem et donacionem uenire temptauerit, sit maledictus et excommunicatus et cum Iuda prodictore in inferno dampnatus et in super |<sup>10</sup> pectet episcopo tudensi qui pro tempore fuerit uel uoci sue mille solidos legionensis monete et hec carta maneat perpetuo ualitura.

Facta carta in |<sup>11</sup> capitulo tudense era M<sup>acc</sup><sup>a</sup>LXXXJ<sup>a</sup>, vj<sup>o</sup> idus Maij. Regnante in Castella, Toletu, Legionu, Galletia et Corduba Rege domno Ferrando. Fernando Johannis principe in Toronio. Johanne Fernanj (sic) tenente castrum Sancti Martinj de Latronibus de manu Johannis Suarij. Ego supradictus Martinus Arie hanc |<sup>13</sup> cartam quam fieri iussi roboro et confirmo. Qui presentes fuerunt:

[Primeira columna]

Petrus Menendi decanus tudensis testis

Rodericus Petri cantor tudensis testis

Suerius Petri archidiaconus tudensis testis

Alfonsus Menendj prior tudensis testis

Johannis Rodericj archidiaconus tudensis testis

Martinus Petri sucentor tudensis testis

[*Segunda columna*]

Johannis Garsie *canonicus* et *vicarius* *episcopi tudensis testis*  
Martinus Menendi *canonicus* et *maiordomus episcopi tudensis testis*  
Menendus Gomecij *canonicus tudensis testis*  
Johannis Petri *canonicus tudensis testis*  
Pelagius Petri *canonicus tudensis testis*  
Petrus Alfonsi *canonicus tudensis testis*

[*Terceira columna*]

Petrus Menendi *presbiter testis*  
Petrus Pelagij *presbiter testis*  
Johannes Roderici *clericus de choro tudense testis*  
Duran Laura *clericus de choro tudense testis*  
Et alij plures clericj et laicj testes

[*Cuarta columna*]

Petrus  
Johannis [testes]  
Pelagius

|<sup>20</sup> Ego Gomecjus Midi *publicus notarius scripsi et confirmo.*

### 3

1238, outubro, 20

*Johan Soares de Chapela fai manda testamentaria. Manda o seu corpo a Melón e deixa a este mosteiro dous casais de Chaiáns (Crecente), o seu couto de Atios (O Porrriño) e a súa porción da igrexa de Arbo. Manda o seu couto de Domaio (Moaña) ao seu irmán Fernando Soares, á morte deste ao seu sobriño Pedro Rodriguez e á morte deste a Melón. Manda á súa sobriña Estevaíña Fernandez a súa porción de Francos (¿?). Manda ao seu clientulo Lourenzo Rodriguez a quintana de Sendelle (Crecente). Manda ao seu sobriño Pedro Rodriguez e á súa filla Maria Eanes o casal de Amarelle (Crecente). Manda a esta súa filla o casal de Mandelos (Crecente), e se esta non for boa, a Soeyro Nunez a medias co mosteiro de Albeos (Crecente), e Amarelle quede para Pedro Rodriguez. Manda o casal de Mandelos que mercou a Martín Paez, aos fillos deste. Manda un casal en Sela (Arbo) a Santa Maria de Fiães (Portugal). Manda a Fernando Vicente o seu foro do casal de Setados (As*

*Neves), e á morte deste, a Melón. Manda a herdade que mercou en Atios de Payo Paez a Johan Garcia de Lira. Manda ao seu sobriño Pedro Rodriguez Chapela (Redondela) e o casal de Riofrío (Mondariz?), que foi da súa nai. Manda o casal de Riofrío (Redondela) en que pára Pedro Manjon a Rodrigo Caso, e despois da morte deste, a Fiães. Manda a Pedro Janeiro e o seu irmán Johan González o casal que lles mercou en Ruvees (¿?). Manda a súa porción da igrexa de Santa Cristina (de Valeixe, A Cañiza) ao seu sobriño Johan Fernandez, que faga servizo á sua filla Maria Eanes.*

*Subscribe Pedro Rodriguez, monxe de Melón.*

Orixinal en pergamino, 240 x 170 mm. Bo estado de conservación, un pouco estragado no borde dereito. Latín. Carta partida por ABC.

Archivo Histórico Nacional (Madrid), Clero Secular-Regular, Melón, car. 1442, nº 6.

Cambón Suárez, Segundo (1957), *El monasterio de Santa María de Melón*. Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela; nº 299.

Notum sit presentes litteras inspecturis quo ego Johannes Suerij de Chapela facio mandationem meam.

Imprimis mando corpus meum Sancte Marie de Melon, et eant pro me fratribus de Mel[on] |<sup>2</sup> ubicumque migravero in Hyspania. Et mando ibi duo casalia in Chagianos, scilicet de Nanj et de Costa, cum omnibus forariis, directuris, ingressibus et egressibus tam montibus quam fontibus et pertinentiis sui[s]. |<sup>3</sup> Et mando ibi cautum meum de Atenis cum regalengo suo et meam portionem de ecclesia de Arauo.

Mando fratri meo Fernando Suerij meum cautum de Domayo quod teneat in vita sua. Ad obi|tum suum remaneat sobrino meo Petro Rudericj similiter in vita sua. Post mortem suam remaneat Sancte Marie de Melon, tali pacto quod ille duo kasalia de Vite que ego teneo de Melon in vita |<sup>5</sup> mea, faciant inde annuatim in die obitus mei pitanciam conventuj de Melon per manus Petrum Rudericj, monachum eiusdem. Post mortem eius remaneat in manibus quicquid fuerit supriorem. Post mortem |<sup>6</sup> Fernando Suerij vel Petro Rudericj remaneat pitanciam semper faciendam fratribus per cautum supradictum, et quod remanserit semper supriorem faciat ministrare coquine conventuj de Melon per annum in |<sup>7</sup> piscibus. Et cautum cum quantam hereditatem ibi habeo remaneat liberum et quietum semper monasterio de Melon.

Mando Stephania Fernandj, sobrina mea, meam porcionem de Francos.

Mando Lau|rentio Rudericj, *crientulum meum*, *meam quintanam* de Sen-  
 deli *cum quantum* ibi habeo.

Mando Petro Rudericj, *sobrino meo*, et *filia mea Marie Iohannis meum*  
 kasale de Amareli *quod teneant per m[e]||[d]ium in vita sua tamen*. *Post*  
*mortem amborum remaneat ubj ego mandavero pro anima mea*. *Similiter*  
 mando Marie Iohannis meum kasale de Maadelos *quantum* debeo ego ibi  
 habere, tali pacto q[uod] |<sup>10</sup> si *acceperit ordinem vel virum legitimum per*  
*consensum* parentibus suis, habeat istud *qui* ego mando. *Quod* si aliter fe-  
 cerit et noluerit esse bona, remaneat casale de Maadelos Suerio Nun|nis  
 per medium *cum* Elvenis. *Similiter* Amareli remaneat Petro Rudericj pacto  
 supradicto, si *illam nequam* fuerit.

Mando illum medium casalem de Maadelos *que comparavi* de Martino Pe-  
 lagij |<sup>12</sup> [fili]is suis.

Mando unum casale in Seela *Sancte Marie* de Fenalibus.

Mando Fernando Vincentij meum *forum* de casale de Seetados *qui tenet*  
 Petro Menendj, *quod tenet in vita sua*. Ad obitum|<sup>13</sup> suum remaneat mo-  
 nasterio de Melon.

Mando *quantam hereditatem comparavi in Atenis* de parte Pelagio Pelagij  
 Johanne Garsie de Lira.

Mando Chapela *sobrino meo* Petro Ruderici et meum |<sup>14</sup> casale de Rivo  
 Frigido *que fuit de matre sua*, tali pacto *quod* si obierit *sine semine* de di-  
 rectura remaneat Chapela monasterio de Melon si fuerint *pro me*. Sim (*sic*)  
*autem*, rema|neat ubj ego fuero sepultum, et casale de Rivo Frigido rema-  
 neat Fenalibus.

Mando alium casalem de Rivo Frigido in quo sedet Petro Mangion Ro-  
 derico Casso et si obierit |<sup>16</sup> *sine seminem* remaneat Petro Rudericj. *Post*  
*mortem eius remaneat Fenalibus*.

Mando Petro Ganeyro et fratri suo Johanne Gundisalvj illum casalem *que*  
*comparavi* de illis in |<sup>17</sup> Ruvees.

Mando meam porcionem de ecclesie *Sancte Christine* *sobrino meo* Johanne  
 Fernandj in vita sua et faciat *semper* in servitium filie mee Marie Iohannis.  
*Post mortem* |<sup>18</sup> eius remaneat meo linagem. ||

||<sup>19</sup> *Item mando omnia mea bona, tam suprascripta quam alia, quod teneat abbas et conventus de Melon usque debite mee sint absolute. Postquam fuerint solute,*

|<sup>20</sup> *abbas et conventus faciant implere omnia suprascripta et interim nullus eis faciat forciam vel aliqua contraria.*

|<sup>21</sup> *Acta sunt hec per manus Petro Rudericj monachus de Melon. XIII<sup>o</sup> kalendas Novembris. Sub era M<sup>a</sup> CC<sup>a</sup> LXX<sup>a</sup> VI<sup>a</sup>.*

4

1247, outubro, 7

*Johan Soarez, cabaleiro de Chapela (Redondela), fillo da condesa, fai o seu testamento. Manda o seu corpo a Melón e deixa a este mosteiro o seu couto de Domaio (Moaña), co seu casal de Xaxán, as súas porcións da igrexa de Arbo, do mosteiro de Crecente e a sua mula, e, por tres mil quinhentos soldos, os seus dous casais en Chaiáns (Crecente). Manda a herdade que recibiu en Murcia aos seus sobriños Pedro e Martiño Fernandez. Manda a súa pousa de Sendelle (Crecente) a Lourenzo Rodriguez, excepto o foral de Bouza (Crecente), que manda ao seu sobriño Pedro Martinz, e excepto a casa que deu a Maria Eanes para que a teña en vida, salvo o prestimonio da Varcia (¿?) que manda ao seu servente Pedro Perez, e a casa de Sueyro Nunex. Quita a Pedro Ayras de Chapela, que foi o seu mordomo, e os outros seus mordomos. Manda ao mosteiro de Fiães (Portugal) a metade de canto ten en Mandelos (Crecente) e o casal de Riofrío en Chapela onde pára Pedro Majon. Manda a Soeyro Nunes a outra metade de Mandelos. Manda á súa filla Maria Enaes o seu casal de Riofrío (Mondariz?) no que pára e quita outro de Ranenis (¿?). Manda ao seu servidor Martiño Eanes o foro de Ayras Eanes. Manda ao seu sobriño Pedro Rodriguez a súa pousa de Chapela e o casal de Pedro Fernandez. Manda aos seus sobriños Johan Fernandez e Martin Fernandez o seu casal de Amarelle (Crecente) e o seu quión da igrexa de Santa Cristina (de Valeixe, A Cañiza). Manda ao seu criado Johan Perez cen soldos. Quita ao cabaleiro Johan Soarez a porción do seu pai na herdade de Atios (O Porriño). Manda o seu couto de Atios aos fillos e netos de Payo Paez e Urraca Fernandez. Manda a herdade que mercou en Atios a Johan Garcia. Dá a Soeyro Fernandez o foro de Sande (Arbo). Manda cadanseus 20 soldos ás pontes de Ourense, de Castrelos e de Sampaio.*

Orixinal en pergamiño, 320 x 220 mm. Estado de conservación bastante bo, aínda que coa tinta borrosa e algúns borróns. Latín. Gótica cursiva.

Archivo Histórico Nacional (Madrid), clero secular-regular, Melón, car. 1444, nº 18.

Transcrito: Cambón Suárez, Segundo (1957), *El monasterio de Santa María de Melón*. Tese de Doutoramento (iné dita). Universidade de Santiago de Compostela; nº 433.

*Era MCCLXXX<sup>a</sup>X<sup>a</sup> et quotum nonas octobris. Notum sit universis presentem paginam inspecturis quod ego dominus Johannes Suerij, miles de Chapela, filius comitisse, facio meum testamentum in perpetuum valiturum.*

*Jn primo mando |<sup>2</sup> corpus meum sepeliendum Sancte Marie de Melone, et mando ibi mecum pro remedio anime mee meum captum de Domayo cum omnibus suis pertinentiis et directuris tam in mare quam in terra per ubicumque potuerit inveniri pro mea uoce |<sup>3</sup> et cum quanta ecclesie ipsius ville minus sexta, et cum illo meo casale de Gagano quod in pignore tenet Orracha Afonsi, et debet anuatim computare. Et mando ibi porcionem meam ecclesie de Arauo et de monasterio de Cresce[n]tj |<sup>4</sup> et meam mulam grisam. Et pro tribus milia et quinge[n]tis soldis quos de ipso monasterio accepi, do eis pro pretio duo mea casalia de Chagays, scilicet de Petra et de Nanim, cum omnibus suis forariis et pertinentiis.*

*Item mando |<sup>5</sup> illam meam hereditatem quam lucratus fui in Murcia meis sobriniis, scilicet Petro Fernandi et Martino Fernandj.*

*Et mando Laurentio Rodericj illam meam pausam de Sendilj et unum casale ibi cum ea, excepto inde forario illo de Booca, quem |<sup>6</sup> mando Petro Martinj subrino meo, et excepta illa domo qua ego dedi Marie Iohannis cum sua cortina. Et concedo illam ei in vi[ta] sua excepto prestimonio de Varzina quod mando Petro Petri servientj mei et excepta domo illa |<sup>7</sup> de Suerio Nunj qua ei do et concedo.*

*Et ego do[m]nus Johannes Suerii, in remedio peccatorum meorum quito et renuntio Petro Arie de Chapela, qui fuit meus maiordomus, et omnes alios meos maiordomos quito dato conto singula|riter et responso de quanto de me tenerint et dato pane et uino et denariis et peccoribus datis et omnibus superfluctibil[us m]eis. Et de omnibus istis respondeat abbatj de Melone.*

*Et mando monasterio de Fenalibus me|dietatem de quanto habeo in Manadelis et unum casale[m] in Chapella, scilicet illud de Riu(u)o Frigido in quo sedet Petrus Manium. Et aliam medietatem mando de Manadelis Suerio Nunj. Et faciat inde ei cartam |<sup>10</sup> abbas Melonis. Et mando filie mee Marie*

*Iohannis illud meum casale de Riuo Frigido in quo sedet, et quito ei illud aliud de Ranenis.*

Et mando Martino Iohannis, servitorj meo, illud forum de Aria Iohannis quod ipse |<sup>11</sup> tenebat.

Et mando Petro Rodericj, sobrino meo, illam meam pausam de Chapela, casas et uineas cum sua quintana et cum suis cortinis et illud meum casale de Petro Fernandj. Et quietet totam aliam demandam, |<sup>12</sup> tam de denariis quam de hereditibus, quod si h[oc] noluerit quietare et aliquid aliud voluerit demandare, abbas Melonis ei respondeat ad directum et ips[e] Petrus Rodericj perdat meam mandam et ipse abbas |<sup>13</sup> habeat illam pausam Chapele pro monasterio cum supradicto casale de Petro Fernandj.

Et mando Johanni Fernandi et Marie Fernandi, subrinis meis, illud meum \casale/ de Amarily per medium et meum quinionem ecclesie Sancte Chrisfine.

|<sup>14</sup> Et mando Johanni Petri, cliato meo, centum soldos. Et si ipse obierit infra XII<sup>cim</sup> annos, isti centum soldi remaneant monasterio Melonis pro una pictancia (sic).

Et quito Johanni Suerij militj porcionem patris suj de hereditate de Athenis.

Jtem mando et do captum meum de Athenis filiis et nepotibus de Pelagio Pelagij et de Orracha Fernandj.

Et mando meam hereditatem quam emi in ipsa villa de Athenis Johanni Garcie et mea |<sup>16</sup> do Suerio Fernandi. Illud forum de Sandi quod debet dare Petrus Arie in vita ipsius Suerij Fernandj, post mortem ejus remaneat sedi Tude cum [illo a]lio casalj de Sandj quod ibi mando.

Et ego domnus Johannes Suerij |<sup>17</sup> confirmo et concedo atque stabilio hanc meam mandationem cum omnibus bonis suis et superllectilibus in manu domini domnj Petri abbas Melonis taliter quod ipse abbas accipiat omnia bona mea per ubicumque |<sup>18</sup> eam potuerit invenire, et persolvat debita mea per illa et per fructus hereditatum mearum. Que debita, quando fuerint persoluta, remaneant ipse hereditates illis quibus ego illas mando.

Et si aliquis \homo/ ex parte |<sup>19</sup> mea uel ex extranea uel certe ex istis quibus ego istam mandam facio uoluerint predictum abbatem offendere uel forciare ante quam \mea/ debita sint paccata, habeat Dei maleditionem (sic) et meam, et perdat meam |<sup>20</sup> mandam quam ei mando et remaneant hereditates mee monasterio Melonis pro anima mea et unde persoluant mea debita.

Et ego *Petrus*, abbas *Melonis*, recipio ista bona et promitto pro ea persolvere hec debita |<sup>21</sup> supradicta si me aliquis homo non forciauerit. Mando inquam ponti de *Auria* xx solidos et ponti *Castrelli* xx solidos et ponti *Sancti Pelagij* xx solidos.

|<sup>22</sup> *Qui* presentes fuerunt:

[1<sup>a</sup> columna]

*Petrus* Abbas *Melonis* testis

*Donnus Gundisalvus* comendator testis

[2<sup>a</sup> columna]

Frater *Pelagius*, monachus *Melonis* testis

Frater *Petrus* de *Armentaria* conuersus testis

[3<sup>a</sup> columna]

*Fernandus* *Anzeu*, monachus *Melonis* testis

Frater *Petrus* *Gagu* conuersus eiusdem testis

[4<sup>a</sup> columna]

De secularibus: *Petrus* *Martinj* milles testis

*Martinus* *Brauu* milles, *Petrus* *Januarius* testis

*Suerius* *Nunj* testis, *Nunus* monachus de *Sancto*

*Fausto* testis

## Fontes documentais

*A* = *Cancioneiro da Ajuda*. Vêxase *Fragmento do Nobiliario do Conde don Pedro*. / *Cancioneiro da Ajuda*. Edição facsimilada do códice existente na *Biblioteca Nacional*. Lisboa: Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico – Biblioteca da Ajuda, 1994.

*B* = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. Vêxase *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti)*. Cod. 10991. Reprodução facsimilada. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 1982.

*FLAES* = FERRO COUSELO, Xesús (ed.): *Tumbo de Fiães*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial (= *Boletín Aoriense*. Anexo 20).

*LD* = *Livro de Linhagens do Dean*, en *Portugaliae Monumenta Historica. Scriptores, I*. Olisipone, 1856: 143-175.

- MELÓN = CAMBÓN SUÁREZ, Segundo (1957): *El Monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII)*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- OLA = PANIAGUA LÓPEZ, María Luz: *Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Oya (1198-1248)*. Universidad de Santiago de Compostela (Memoria de licenciatura inérita).
- OSEIRA = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (ed.) (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1205-1310*, vol. I. [Santiago:] Tórculo.
- VILAR DE DONAS = NOVO CAZÓN, José-Luis (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas (1194-1500)*. [A Coruña:] Fundación Barrié de la Maza.

## Fontes consultadas na rede

- CODOLGA = LÓPEZ PEREIRA, José Eduardo (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaciae*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <http://corpus.cirp.es/codolga/>
- CORPUS DO PORTUGUÊS = DAVIS, Mark / Michael J. FERREIRA: *O Corpus do Português*. United States National Endowment for the Humanities: <http://corpusdoportugues.org/>
- MEDDB = BREA, Mercedes (dir.): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2>
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>].
- <http://pares.mcu.es>
- <http://www.xunta.es/nomenclator/>
- [http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares\\_de\\_Crecente](http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares_de_Crecente)
- [http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares\\_de\\_Arbo](http://gl.wikipedia.org/wiki/Lugares_de_Arbo)

## Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2004): «A variación nosco : vosco no galego medieval», en *Verba* 31: 43-73.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel (2004): *Toronium. Aproximación a la historia de una tierra medieval*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'.
- FLETCHER, Richard A. (1984): *St. James's Catapult. The Life and Times of Diego Gelmírez de Compostela*. Oxford: Clarendon Press.

- FLÓREZ, Henrique (1767): *España Sagrada. Tui*, vols. 22 e 23. Madrid: Antonio Marín.
- GALINDO ROMEO, Pascual (1923): *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- GARCÍA ORO, José (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. [A Coruña:] Fundación Barrié de la Maza.
- MONTEAGUDO, Henrique (2008): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- MIRANDA, José Carlos (2004): *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Guarecer.
- OLIVEIRA, António Resende de (1994): *Depois do espectáculo trobadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- OLIVEIRA, António Resende de / MIRANDA, José Carlos (1995): «A segunda geração de trovadores galego-portugueses: temas, formas, realidades», en J. Paredes, *Medioevo y literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica Medieval*, 4 vols. Granada: Universidad, vol. 3: 499-512. [Reproducido en Oliveira 2001: 97-110.]
- RON FERNÁNDEZ, Xabier (2005): «Carolina Michaëlis e os trovadores representados no Cancioneiro da Ajuda», en M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: CRPIH / Xunta de Galicia, 121-188.
- VASCONCELLOS, Carolina Michäelis (1904): *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e comentada*, 2 vols. Halle: Max Niemeyer.
- VASCONCELLOS, Carolina Michäelis (2004): *Glosas marginais ao cancionero medieval portugués*. Universidade de Coimbra.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Alfonso (1948): «El monasterio de S. Salvador de Albeos. Su historia», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 26: 209-252.